Celga Certificado Lingua Galega

2022410001

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		**Data:**		**Nivel:**	**CELGA 4**

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:			
DNI / NIE / Pasaporte:		**Nacionalidade:**	
Data de nacemento:	____ / ____ / _____	**Sexo:**	☐ Home ☐ Muller
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía		
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea		
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos		

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruiranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

2022410001

Celga

Certificado
Lingua
Galega

4

XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

C4-A-I-22

2022410001

Proba A1

Vostede adoita colaborar no blog Feminismos e acaba de ver este documental sobre Emilia Pardo Bazán. Aproveitando a recente conmemoración do centenario do seu pasamento, decide escribir unha **entrada** sobre a escritora.

Nese texto, de **400 palabras**, ha de incluír os seguintes puntos:

- Resumir os datos máis significativos da súa biografía e destacar os trazos máis salientables da súa personalidade.
- Comentar algunhas situacións discriminatorias que sufriu por ser muller e que consideración tiñan dela os homes.
- Dar a súa opinión sobre os prexuízos machistas que existían hai un século e os que aínda perduran na actualidade.
- Valorar o papel das mulleres que, como Pardo Bazán, defenderon e reivindicaron a igualdade de dereitos.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

2022410001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Celga
Certificado Lingua Galega

2022410001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

2022410001

Proba A2

Un familiar seu moi concienciado sobre os problemas ambientais acaba de sufrir unha avaría grave no seu coche e, como xa ten doce anos, non sabe se amañalo ou mercar outro. Por iso vostede, logo de ler este artigo, decide escribirlle un **correo electrónico** para aconsellalo.

Nese texto, de **400 palabras**, ha de incluír os seguintes puntos:

- Interesarse pola avaría e expoñerlle as razóns polas que vostede considera que debe cambiar de vehículo.
- Explicarlle as vantaxes dos coches eléctricos a respecto dos híbridos e dos de gasolina ou gasóleo.
- Indicarlle os principais inconvenientes dos eléctricos e comentarlle que medidas se toman para evitalos.
- Aconsellarlle o coche máis sostible e eloxiar esta e outras accións respectuosas co medio natural.

Verdades e mentiras dos coches eléctricos: non todo é tan verde como parece



En circulación, un coche eléctrico xera cero emisións, gasta menos e é silencioso. Pero ao analizar todo o ciclo de vida destes vehículos, desde a extracción dos materiais ata as emisións xeradas na súa produción, a enerxía de recarga ou a reciclaxe da súa batería, aparecen tamén desvantaxes. A pesar diso, seguen sendo máis sustentables que os convencionais, un punto a favor entre un vehículo eléctrico ou un de combustible.

A fabricación dos eléctricos e híbridos é máis contaminante

Verdadeiro. Na fabricación dos eléctricos necesítanse unhas materias primas que, ademais de ser caras, se atopan principalmente en países menos desenvolvidos, nos que a extracción supón grandes movementos de terra e o uso dunha maquinaria

pesada que dispara as emisións de CO_2. Á hora de comparalo coa fabricación dun coche diésel ou de gasolina, o impacto máis importante atopámolo na batería e o motor, xa que se usan materiais como o cobalto e o litio para a primeira e as terras raras (un tipo de compostos químicos) para o segundo. Materiais que, ademais de seren limitados, presentan grandes riscos ambientais (toxicidade) e humanitarios (condicións laborais). O híbrido resulta aínda máis contaminante, porque necesita tamén os sistemas tradicionais, é dicir, leva motor e tamén batería.

Dá igual o país de fabricación

Falso. O impacto contaminante real depende moito de onde se fabriquen as baterías e da enerxía que se utilice na planta de produción do vehículo. A maioría destes coches ou compoñentes (baterías) prodúcense na China, que aínda utiliza fontes de enerxía contaminantes. En Alemaña e Polonia, onde se fabrica unha alta porcentaxe destes coches, entre un 50 e un 90 % da electricidade empregada provén da queima de combustibles fósiles, o que fai que a fase de fabricación chegue a supor ata un terzo de todas as emisións relacionadas co vehículo durante a súa vida útil. É certo que hai outros países e marcas que apostan por enerxías renovables. Nos Estados Unidos, a empresa automobilística Tesla utiliza enerxía solar na súa planta de baterías, un xesto que reduce as emisións de CO_2 atribuídas aos eléctricos ata nun 50 %.

En circulación, un eléctrico emite menos gases

Verdadeiro. Unha vez na estrada non hai discusión: o coche eléctrico non emite ningún gas de efecto invernadoiro, pero poden darse emisións ligadas á produción da enerxía que o alimenta. Despois de todos os cálculos, e aínda que inicialmente o eléctrico produza máis gases de efecto invernadoiro na súa fase de produción e extracción de materiais que o coche convencional, os valores iguálanse tras tres anos do vehículo na rúa. Segundo a Axencia Europea do Medio Ambiente, os coches eléctricos emiten menos gases contaminantes durante o seu ciclo de vida completo (entre un 17 % e un 30 % menos) que os vehículos diésel e de gasolina.

A sostibilidade dun eléctrico depende da súa fonte de enerxía

Verdadeiro. Segundo a Axencia Europea do Medio Ambiente, o tipo de enerxía que se utiliza para a recarga dun vehículo eléctrico resulta fundamental para reducir as emisións contaminantes. Non é o mesmo que a enerxía empregada para recargar o coche sexa solar, eólica ou hidroeléctrica ou que se utilice carbón. Un informe europeo estima que, se Europa aumenta o uso de enerxías renovables, as emisións vinculadas a un vehículo eléctrico baixarían dos 60 g de CO_2 por km, a 40 g en 2030 e a 16 g en 2050.

As baterías dos eléctricos reutilízanse e recíclanse

Verdadeiro, pero con matices. Estase traballando en iniciativas de alta eficiencia na reutilización e reciclaxe de baterías tras finalizar a súa vida útil. Na actualidade, cando as baterías non son eficientes para o uso en transporte, empréganse en aplicacións

estacionarias, é dicir, aquelas destinadas a non cambiar de sitio de forma habitual, como acumuladores para equipos médicos, informáticos, de seguridade… Cando perden o seu uso para estas aplicacións, procédese á separación de todos os seus compoñentes.

A contaminación acústica dos eléctricos é menor

Verdadeiro. Un vehículo eléctrico non xera ruído de motor, tan só o que produce a rodaxe, polo que a contaminación acústica —é dicir, os efectos do ruído na saúde—, é moi leve. A menos de 30 km/h, o son da rodaxe é tan silencioso que periga a seguridade viaria, en especial para persoas cegas ou con problemas de visión. Para solucionalo, a Unión Europea impuxo a obrigatoriedade de introducir un sistema de advertencia acústica para todos os coches eléctricos e híbridos das categorías N e M (transporte de persoas e de mercadorías). Terán que emitir ese son cando vaian a menos de 20 km/h e deberá ser similar ao dun motor de combustión tradicional. A partir de 30-50 km/h, o ruído de rodaxe supera o do motor, polo que a esas velocidades o eléctrico non presenta vantaxes acústicas.

O novo diésel é máis limpo

Non o suficiente. O informe New diesels, new problems (Novos diésel, novos problemas), elaborado por Transport & Environment, revela que os últimos modelos de diésel, a pesar de cumprir coa normativa europea que establece o límite en 95 g/km de CO_2, poden alcanzar picos de emisións contaminantes ata 1.000 veces superiores aos normais.

Texto adaptado da revista *Consumer*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

2022410001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

2022410001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Celga
Certificado Lingua Galega

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

2022410001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións:

2022410001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións:

2022410001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1: ☐

Número de palabras proba A2: ☐

Observacións: